



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BOQUEIXÓN

Contratación (3) tres peóns/peoas forestais. Rural Activa Boqueixón 2026 (TR351G)

ANUNCIO

Convocatoria de selección para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de tres (3) peóns/peoas forestais. Rural Activa Boqueixón 2026, subvencionado a través do programa Galicia Suma Talento: Rural Activo da Xunta de Galicia (Código de procedemento TR351G).

Por Decreto de Alcaldía, núm. 218/2026, do 27 de abril de 2026, aprobáronse as bases reitoras do proceso selectivo para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de 3 peóns/peoas forestais. Rural Activa Boqueixón 2026.

No prazo máximo de dous (2) días hábiles, dende o seguinte ao da publicación deste anuncio, o Concello de Boqueixón presentará unha oferta de emprego na oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, solicitando persoas traballadoras para as devanditas prazas.

As bases están a disposición no taboleiro de edictos do concello de Boqueixón, na páxina web municipal www.boqueixon.gal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.boqueixon.com>).

Boqueixón, 27 de abril de 2026

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente de Boqueixón

2026/2680